

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/12/2016 19:22:03

SAIDA 13660/16

PLADESEMAPESGA
Miguel Ángel Delgado González
R/ Juan Castro Mosquera nº 28, 2 dta.
15005 A Coruña

prensa@pladesemapesga.com

Reclamante: PLADESEMAPESGA (Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesqueiro de Galicia)

Exdte. Nº RSCTG 0022/2016

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA NA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO AMPARO DO ARTIGO 28 DA LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

En resposta á reclamación presentada por D. Miguel Ángel Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesqueiro de Galicia (en adiante PLADESEMAPESGA), mediante correos electrónicos do 20 e 26 de xullo e do 2 e 18 de agosto de 2016, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. Miguel Ángel Delgado González presentou, mediante escritos con entrada no rexistro do Valedor do Pobo os días 21 e 26 de xullo de 2016 e 2 e 18 de agosto de 2016, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería do Mar.

O interesado indica inicialmente, nos escritos de 21, 26 de xullo e 2 de agosto, que ten solicitado reiteradamente ante a Consellería do Mar o convenio de colaboración que esta ten asinado co Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Oceánicos por importe de 1.393.298,37 €, sen telo obtido.

Na reclamación presentada ante esta Comisión da Transparencia en data do 18 de agosto figura que a solicitude de información pública (modelo PR100A para a Xunta de Galicia) se realizou o 23 de xullo de 2016. Na documentación que acompaña a esa mesma comunicación, a Comisión ten coñecemento de que a *European Anti-Fraud Office* lle comunicara á plataforma (o 29 de xullo de 2016) que tiña *"información que confirma la celebración del acuerdo de cooperación señalado, así como de otros tres acuerdos de cooperación similares y un contrato de consultoría entre las mismas instituciones en el marco del programa operativo del Fondo Europeo de Pesca 2007-2013"*. Por este motivo, a plataforma decide facer unha ampliación da súa solicitude de acceso á información pública (escritos de solicitude do 2 de agosto e 18 de agosto de 2016) coa idea de que se lle acheguen todos os acordos de cooperación e o contrato de consultoría aos que alude a oficina europea.

Entre toda a documentación que a entidade reclamante expón ante á Comisión da Transparencia incorpórase copia dunha resolución de 9 de agosto de 2016 da Consellería do Mar na que *"resuelve conceder o acceso á información a que se refire a solicitude deducida por Miguel Delgado González, nos termos establecidos no artigo 22.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro indicándolle que a información solicitada está no Portal de Transparencia e Goberno aberto de Galicia, ao cal pode acceder na seguinte ligazón: <http://www.xunta.gal/consultas-convenios>"*. A plataforma achegou á Comisión copia tamén das dúas solicitudes de información pública que ampliaban a petición de documentación inicial.

Segundo. Con data 29 de agosto de 2016 a Comisión da Transparencia da traslado da documentación achegada pola parte reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegue informe e copia completa e ordenada do expediente. A administración recibiu esta comunicación o 1 de setembro de 2016.

Terceiro. Con data de 28 de setembro de 2016 se recibe o informe e o expediente de transparencia tramitado pola Consellería do Mar. O informe fai mención soamente á solicitude de acceso á información cursada polo agora reclamante o 23 de xullo e á resolución emitida en data de 9 de agosto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola *Ley 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, de carácter básico, e a *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia*, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores.

Primeiro.- Competencia

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, indica que corresponde á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Segundo.- Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno preceptúa que o seu procedemento axustarase ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Ley 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, para as reclamacións perante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, pola súa parte, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro.- Dereito de acceso á información pública

- **Ámbito material**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida, como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

- **Lexitimación**

O preámbulo da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala no seu artigo 26.4. que a persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.

- Limitacións que poden afectar ao seu exercicio

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, prevé nos artigos 14 e 15 os límites ao dereito ao acceso, por razón da materia e por mor da protección dos datos de carácter persoal. Todas as solicitudes que non entren dentro destes límites deberán ser atendidas, agás que existan limitacións, e así se xustifiquen debidamente co chamado test de danos, ou algunha das causas de inadmisión previstas no artigo 18 desta lei.

Cuarto.- Análise do expediente

Como consta nos antecedentes PLADESEMAPESGA fai dúas solicitudes de acceso á información pública. Unha de 23 de xullo e outra de 2 de agosto que pretende ser unha ampliación da primeira. O 9 de agosto, a consellería lle da resposta unicamente á solicitude do 23 de xullo, sen entrar a valorar a petición de ampliación do 2 de agosto.

O procedemento de acceso á información pública está deseñado como un sistema áxil de achegar aos cidadáns os contidos e documentos, en calquera formato ou soporte que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Non hai un límite de solicitudes, salvo que se trate dunha solicitude manifestamente repetitiva ou que se dea un carácter abusivo sen encaixe na finalidade da transparencia, caso que non corresponde coas actuais demandas. O procedemento previsto pola normativa de transparencia é moi breve. Ante a chegada da solicitude, a administración receptora debe resolver e notificar no prazo dun mes. O solicitante tampouco está obrigado a motivar a solicitude ou achegar documentación. Se trata por tanto dun procedemento abreviado e especial no que non cabe solicitar práctica de proba, ou ampliación de petición, pois actualmente non se prevé, e a súa incorporación impediría dar a resposta no prazo previsto. Si se permite á administración clarexar a petición ou dar trámite a terceiros que poidan resultar interesados pero non unha ampliación, por tanto a petición de 2 de agosto é diferente, e ten dereito a un recurso separado, e por tanto o dereito de acceso, que non se contemplou por parte da administración na resolución de 9 de agosto, e que non pode ser resolta neste expediente, pois non transcorrera o prazo para a súa resolución por parte da administración, que remataría a partir do 3 de setembro.

En relación á reclamación presentada ante a Comisión da Transparencia, derivada da solicitude que a plataforma cursou de 23 de xullo de 2016 ante a Consellería do Mar, cómpre estimala parcialmente, xa que a resolución de 9 de agosto de 2016 tras recoñecer o dereito de acceso á información a que se refire a solicitude de 23 de xullo non lle achegou o convenio senón a ligazón xenérica para atopala no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta. O convenio, sen embargo, tal como indica o reclamante non se atopa directamente publicado no Portal. Isto é

debido a que se trata dun convenio suscrito con anterioridade a entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de novembro. Esta lei di na disposición transitoria primeira que as obrigas en materia de publicidade activa non serán aplicables a aqueles convenios asinados antes da entrada en vigor desta lei.

A Lei entrou en vigor o 7 de marzo de 2016, por tanto no Portal da Transparencia da Xunta non está o texto integro, e se ben se pode solicitar unha copia, este procedemento non está moi visible no portal web.

O Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia establecía que a publicidade do rexistro era tan só dos datos relativos ás partes asinantes, obxecto, financiamento e prazo de vixencia. Estes son os datos que figuran para este convenio no Portal da Xunta. No rexistro está inscrito o convenio cun orixinal e os datos do rexistro é público con dereito a acceder nos termos da normativa vixente en materia de transparencia. A resolución da consellería que recoñece o dereito, tería que terlle facilitado o acceso cunha copia simple, ou ben explicarlle que se dirixira ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia para obtela de acordo co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, pero non podía remitirle ao Portal de Transparencia onde non se atopa directamente o texto do convenio publicado.

Hai que indicar, por último, que entre toda a documentación achegada polo reclamante se recollen datos, cuestións e expresións á marxe do concepto de información pública legalmente definido no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e que fai referencia a *"contidos e documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do título I da lei 19/2013, do 9 de decembro, e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións"* e por tanto a Comisión non pode entrar a analizalas.

Quinto.-

En conclusión procede facilitarlle o Convenio solicitado o 23 de xullo, por térselle recoñecido xa o dereito, denegándose o resto da petición de 2 de agosto.

RESOLUCIÓN

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Primeiro: Estimar parcialmente a reclamación presentada por Miguel Ángel Delgado González, en representación de PLADESEMAPESGA (Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesqueiro de Galicia) mediante escrito de 19 de agosto 2016, contra a Resolución de 9 de agosto da

Consellería do Mar e desestimar as peticións realizadas pola plataforma o 2 de agosto, no senso de entender que, se ben a Consellería do Mar resolveu favorablemente a solicitude de remisión do Convenio e lle remitiu o enlace onde o convenio estaba publicado, o certo é que o mesmo non se atopa no enderezo sinalada para a súa descarga directa.

Segundo: Desestimar por extemporánea a petición realizada por PLADESEMAPESGA o 2 de agosto, sen prexuízo de que se poida recorrer a petición de manterse o silencio por parte da Consellería do Mar.


Terceiro .- Instar á Consellería do Mar, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Cuarto.- Instar á Consellería do Mar a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga